




Saúda do Alcalde



Os vindeiros 1,2 e 3 de xullo, a parroquia buenense de Cela está de festa, pois vólvese recuperar a Festa do Viño Tinta Femia, que este ano celebra a súa décimo terceira edición, tras seis anos de parón.

O Concello de Bueu vén realizando unha aposta firme e decidida polos produtos locais, por aqueles que nos identifican como pobo, esforzándose porque se valorice o que temos máis preto de nós, por oposición á cada vez máis soada globalización.

Quero transmitir o meu máis sincero agradecemento á Asociación de Viticultores San Martín de Bueu, polo seu traballo a prol da recuperación deste evento, que non se celebraba desde o ano 2009. Por iso vos convido a todos e todas, veciños e visitantes, a gozar desta festa e a probar este viño diferente.

Félix Juncal Novas

Alcalde do Concello de Bueu

